

**ACTA NÚM. 03 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA
CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 28 DE XANEIRO DE 2019.**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son **as 17:44 horas** do día **28 de xaneiro de 2019**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinariaordinaria.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Diz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona M^a José Castro Carballal. **(Incorporase á sesión no punto nº 3)**
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.
Don Pedro José Rey Sanchiz.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Dona María Milagros Castro Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.
Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela**.

Juan Ramón Gonzalez Carnero, **interventor do Concello de Santiago de Compostela**.

ORDE DO DÍA

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria.

2.- Toma de posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da Modificación da Ordenanza municipal reguladora das terrazas e quioscos da hostelería.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.

O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 3 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do Partido Popular, ratifica a urxencia da sesión.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non comparece Don Antón Barba Pereira

3.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS E QUIOSCOS DA HOSTELERÍA.

Durante o debate incorporase á sesión Dona M^a José Castro Carballal.

Visto o informe asinado pola xefa da Sección de Xestión Urbanística con fecha 22 de xaneiro de 2019, e coa conformidade ao mesmo do concelleiro de Espazos Cidadáns, Dereiro á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais Jorge Duarte Vazquez, e asinado dixitalmente polo Director da Asesoría Xurídica, onde di:

INFORME XURÍDICO

I

O Pleno da Corporación en sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 19 de xullo de 2018, adoptou, entre outros o seguinte acordo:

“Aprobar a modificación da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela que afecta á súa disposición derogatoria única, artigo 4, artigo 6, artigo 16, artigo 17.4 e artigo 27, que quedarán redactados nos seguintes termos:

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.-

ÚNICA da Ordenanza.- “Quedan derogados os artigos 108, 109, 110, 111 e 112 da actual Ordenanza de circulación e uso da vía pública e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións dos locais, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará coa correspondente medición sonométrica cuxo custo se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licenza, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude.”

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 4.-

“Art.4.8. Nunha mesma tempada ou ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificados que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1.- Horarios.

“1.- O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2: 00

horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

2.- Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5.-

“Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroadada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarase á da fachada do local do que é auxiliar.

Excepcionalmente, poderá estar separada desta ata un máximo de vinte metros.

No primeiro caso, previa valoración dos técnicos municipais, a ocupación tan só poderá superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada a que se achegará autorización dos propietarios dos locais comerciais estremeiros que poden verse afectados pola instalación da terraza.

Tamén será necesaria esta autorización cando a terraza se coloque separada do local sempre que poda verse afectada a visibilidade ou acceso a un local comercial. Non se requirirá autorización das comunidades de propietarios de vivendas ou fincas.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 17.4.

“As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso aos camareiros ás mesas.

Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0.50 metros.

A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

Dentro da superficie de ocupación autorizada, o total do número de mesas e cadeiras poderá dispoñerse como mellor conveña, podándose variar a súa disposición pero non o seu número, a superficie e os límites do ámbito autorizado.”

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 27.-

“Art. 27.4 Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Se a duración do uso ou aproveitamento excedese de 4 anos, estará suxeito a concesión administrativa.

En todo caso, a autorización poderá ser revogada, por razóns de interese público e sen dereito a indemnización, antes da finalización do seu prazo de duración.”

Eliminar a disposición transitoria segunda da ordenanza en vigor que ten o seguinte contido: Disposición transitoria segunda.- As autorizacións para instalar novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.

Incluír unha nova disposición transitoria segunda, co seguinte contido:

NOVA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-

“As autorizacións de ocupacións de vía pública para terrazas con pechamentos estables concedidas para prazo superior a catro anos en aplicación do disposto na anterior redacción do artigo 27.4, quedan suxeitas aos procesos de revisión do artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

II

En aplicación do procedemento regulado polo artigo 49 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local, a modificación inicialmente aprobada someteuse a información pública

No trámite de información pública presentáronse as seguintes alegacións:

.-Alegación presentada por Dona Naira María Cortizo Almeida o 12 de setembro de 2018 con número de entrada 40.357 .

.-Alegación presentada por Don Marcos Pombo Romero como presidente da ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CASCO HISTÓRICO o 13 de setembro de 2018 co número de entrada 40.731

.-Alegación presentada por Dona María Visitación García Montero o 18 de setembro de 2018 co número de entrada 40.611.

.-Alegación presentada por Don Juan Enrique Torrejón Mosquera en nome e representación da Asociación de Bares e Pubs de Compostela o 26 de setembro co número de entrada 42.667.

.-Alegación presentada pola Asociación Cultural Cidade Vella o 27 de setembro de 2018 co número de entrada 42.835.

.-Alegación presentada por Dona María Abelleria Méndez o 27 de setembro de 2018 co número de entrada 42.805.

III

Con anterioridade ao análise do contido das alegacións presentadas debe partirse do feito de que este proceso de modificación abrangue exclusivamente ao contido aprobado polo Pleno na sesión de 19 de xullo de 2018, relativo a unha aclaración do contido dunha disposición derogatoria única que xa existía no corpo normativo en vigor; unha nova redacción do artigo 4.8 con carácter substantivo: unha nova redacción do artigo 6.1 cunha modificación sobre o horario de recollida e ampliación á véspera de festivo; una nova redacción do artigo 17.4 de carácter aclaratorio . Unha modificación substancial do artigo 27.4 derivada da estrita aplicación da Lei de Patrimonio das Administracións Públicas e Lei 5/2011, do 30 de setembro de Patrimonio de Galicia e unha nova Disposición Transitoria segunda tamén sen carácter substantivo limitada a recordar o contido do artigo 106 da Lei de procedemento administrativo 39/2015 para a revisión de actos administrativos nulos ou anulables.

Clarexado este extremo, respostaremos ao alegado no relativo á extensión do contido da modificación que constitúe o acordo plenario e que se someteu a información pública así como aqueles que non acaden a consideración de modificación substancial , sen prexuízo de intentar unha resposta razoada.

- Alegacións presentadas por Dona María Abelleira Méndez.

1.-A alegante manifesta na súa primeira alegación que a Ordenanza non realiza diferenciación algunha entre as posibles actividades de hostalería sometendo á mesma regulación a terraza dunha xadería ca dunha discoteca que puidera ser máis molesta.

Debe clarexarse que a actividade de discoteca non pode dispoñer de terraza posto que esta actividade complementaria non está permitida nos locais do Grupo IV.

Por outra banda, a Ordenanza que se está a modificar nunha pequena parte do seu articulado, foi aprobada por acordo do Pleno da Corporación do 26 de abril de 2012 e modificada por acordo dese mesmo órgano de 26 de setembro de 2013. No seu contido desde a súa aprobación, non se estableceu ningunha diferenciación entre os tipos de actividades senón entre a consideración da terraza en chan público ou privado, con ou sen instalacións fixas desmontables.

A achega da alegante pode ser tida en consideración en futuras modificacións pero non é obxecto da que se somete a aprobación.

2.-En segundo lugar cuestiona que non se considere a ocupación da terraza a efectos de evacuación nin a súa configuración .

Non é certo, en todas as terrazas en chan privado tense en conta o incremento de ocupación que implica a efectos de evacuación e a distancia con relación ás saídas e recorridos de evacuación .

En canto á configuración da terraza, en todos os casos , tanto en chan público como privado a concesión realízase en base a un plano a escala coa configuración e disposición das mesas e cadeiras e o seu número .

3.-En terceiro lugar cuestiona ao igual que o señor Marcos Pombo que non se sometan as terrazas en chan privado ás limitacións de illamento e límites máximos de ruído no exterior e solicita que non se conceda autorización para a ocupación con terrazas en chan publico ou privado sen aportar un estudo de contaminación acústica, o que se faga constar o impacto acústico da súa instalación .

Con relación ao non sometemento aos límites de emisión e si de inmisión das terrazas, debemos sinalar que a medida xa estaba implantada coa Ordenanza en vigor aprobada no ano 2012, limitándose a nova redacción proposta a clarexar aspectos confusos da anterior redacción .

Así no informe previo á aprobación inicial facíase constar o seguinte:

“Na exposición de motivos da denominada ordenanza de terrazas e quioscos de hostalería de Santiago de Compostela, aparece como xustificación da nova ordenación, entre outras, que a normativa anterior non regulaba “o caso das terrazas sitas en chan privado”.

Así, xa dentro do articulado no artigo 2. Tipos de instalación autorizables; establécese unha categoría para cada un dos seguintes usos: o de Terraza e o de Terraza con pechamento estable.

O primeiro, defínese como as instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles ou desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento dos grupos I, II e III do artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora da emisión e recepción de rúidos, vibracións e condicións dos locais ...

Así mesmo sinala, que esas instalacións poderán situarse no solo público ou no privado.

A diferenza do exposto (que sen pechamento estable permite a instalación de terrazas accesorias ás actividades descritas, tanto en chan privado coma no público) no apartado segundo o artigo describe un suposto de uso diferente, caracterizado porque a terraza está baixo un pechamento estable no seu perímetro e cuberta mediante elementos desmontables, en terreos de titularidade ou uso público ou nos espazos libres de parcela de titularidade privada e patios interiores.

Ese dereito establecido no art. 2.1 da ordenanza que determinaría a posibilidade de instalar terraza sen pechamento estable en chan privado accesorio ás actividades sinaladas no art. 2.1, resultou ata o de agora de difícil práctica pola interpretación limitadora que se estaba a dar ao contido da DISPOSICIÓN DEROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.

Así a D.D. sinala:

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I,II e III no exterior (terrazas en vía pública) non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no

exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, ós niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos , vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música ou outras reproducións sonoras, así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

Esta redacción ten sido interpretada en sentido restritivo excluindo actividades complementarias en chan privado, baleirando de contido o autorización establecida no apartado 1 do artigo 2, denegando as solicitudes de instalación de terrazas sen pechamento, por exemplo, nas hortas traseiras ou axardinamentos.

A Disposición derogatoria fala de actividades complementarias en plural non dunha actividade complementaria en concreto.

Parece que a alusión que se fai entre paréntese á terraza en vía pública é un exemplo con finalidade aclaratoria e non limitativa ou de “numerus clausus”. De ser esa a lectura, o parágrafo iniciárase coa frase “As terrazas en vía pública” e non “As actividades complementarias”.

Porén, a efectos de aportar claridade e seguridade aos solicitantes e aos traballadores públicos á hora de resolver as solicitudes presentadas e, por outra banda, non baleirar de contido a posibilidade da instalación destas terrazas que, como novidade, aparece na exposición de motivos da norma.

Tendo en conta a realidade do disfrute deste tipo de uso, fundamentalmente nos eidos da Cidade Histórica con frecuentes espazos acondicionados como libre privado detrás da liña interior da edificación permitindo disfrutar dos numerosos xardíns e hortas interiores, e constituíndo unha oferta xa tradicional nesta cidade, que pode e debe convivir co uso normal de vivenda e sen molestias; resulta obxecto desta modificación aportar claridade e dar nova redacción a esa DISPOSICIÓN DEROGATORIA eliminando o elemento distorsionador da paréntese especificando que a derogación resulta así mesmo aplicable ás actividades complementarias tanto en chan privado como público . No caso de que a actividade complementaria se desenvolva en chan privado, e dado o seu sometemento a réxime xurídico de licenza ; a autorización estará condicionada á inexistencia de molestias de xeito tal, que demostrada a existencia de molestias dentro da orde competencial desta administración, esta operaría como condición resolutoria, de xeito que a licenza quedará revogada automaticamente sen necesidade de máis trámites que a declaración de revogación e procederá a súa retirada.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude.”

Por outra banda o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia non establece niveis de emisión no exterior , si establece niveis de inmisión que se manteñen na regulación tal e como estaba no inicio da súa entrada en vigor.

Nin a lei estatal 37/2003, nin o seu Regulamento establece valores de emisión sí valores de inmisión ou recepción en locais e vivendas desde unha fonte ruidosa. Aqueles valores continúan sendo condicionante ao sinalar a Disposición Derrogatoria, nos mesmos termos que xa estaban, que en ningún caso se producirán rúidos que superen os niveis de recepción da Ordenanza. Tamén se prohíbe que dispoñan de equipos de música ou elementos susceptibles de producir ruído.

A mesma lei establece a posibilidade do autocontrol das emisións acústicas no seu artigo 19, autocontrol exercido coa asunción da condición resolutoria de inexistencia de molestia na solicitude da autorización.

Porén si se considera axeitado que o solicitante da instalación dunha terraza sen elemento fixo desmontábel en chan privado, aporte coa solicitude unha Memoria na que se xustifique o impacto da actividade no entorno, valorando a superficie do patio ou espazo privado onde se localice, aportando plano a escala da ocupación; o uso dos edificios colindantes, a súa distancia e solución construtiva. Aí como exposición razoada acerca do incremento que a nova instalación poida supor sobre ruído existente, o nivel de emisión previsto e cómo afectaría ás vivendas do entorno.

4.-En cuarto lugar, a Señora Abelleria solicita unha modificación no texto que suporía unha modificación substancial consistente en que non se conceda licenza inicial de terraza, nin a súa renovación, cando esté ligada a unha actividade principal que teña sido obxecto dun expediente sancionador en materia de contaminación acústica.

Porén tal alegación non pode estimarse. Por unha banda, por supor unha modificación substancial do texto que non se someteu a información pública, e, por outra por non estar prevista como sanción en disposición con rango de lei vulnerando a súa inclusión nunha ordenanza o principio de legalidade das sancións administrativas.

Por último fai unha consideración sobre a prohibición de conceder autorización para ocupación de terrazas na vías pública en ZAS que non se pode valorar neste procedemento polas seguintes razóns:

a) Se ben no decreto de data 17 de marzo de 2011, como efecto da declaración de ZAS estableceuse “*queda prohibida a permanencia das terrazas autorizadas no espazo público e situadas nos espazos suxeitos a declaración de zona saturada, por riba da 01:30 horas en horario de verán e das 00:00 horas no resto do ano*”, esta limitación retirouse na modificación en vigor operada por decreto de 04/10/2013 que establece que o horario das terrazas situadas nas zonas saturadas será o mesmo que figura no artigo 6 da Ordenanza reguladora de terrazas e quioscos de hostalería.

b) Está fóra do obxecto desta tramitación e requiriría modificar a regulación en vigor sobre efectos da declaración de ZAS, concretando a súa extensión.

A mesma consideración merece a petición de que se realice unha regulación singular para as terrazas localizadas no casco histórico.

➤ Alegación presentada por Dona Naira María Cortizo Almeida

1.-Propón unha nova redacción da Disposición Derrogatoria única no sentido de que se presupón a existencia de molestias e por tanto non se concederá autorización para terraza cando a mesma linde ou estea próxima a un edificio catalogado ou teña impacto sobre inmoables e vivendas que, non estando catalogadas pola normativa que lles resulte de aplicación, non poidan adoptar medidas de insonorización e illamento adecuadas .

Enténdese contestada coa resposta encadrada no punto terceiro da contestación das alegacións de Dona María Abelleria, ao que nos remitimos. Tan só engadir que non resulta xuridicamente aceptable presupoñer unha molestia da que se deriven resultados desfavorables para un administrado.

2.-Propón, con relación á modificación operada no artigo 4 que unha vez denegada unha autorización para ocupación con terraza, non se permita presentar unha nova solicitude se non cambian as circunstancias de orixe.

A consecuencia de non modificar as circunstancias que determinaron a denegación será a súa nova denegación, pero en todo caso a administración debería valorar en que termos esa modificación dase ou non . Sempre cabería a posibilidade de que o solicitante manifestara a existencia de cambios e que estes non existiran na realidade. Para anudar a consecuencia proposta á denegación da anterior, debería existir unha previsión legal expresa como a prevista para a declaración de ineficacia de comunicacións previas ou declaracións responsables ; polo que non procede estimar o alegado .

3.-Con relación ao artigo 6, referido á ampliación do horario incrementado ás vésperas de festivo ; a alegante manifesta que de facto, iso supón aumentar o número de días nos que habería un horario ampliado e entende que iso perxudica o descanso dos veciños.

Con relación ao alegado debe contestarse que a ampliación operada á véspera de festivos ten a mesma fundamentación da xa incluída para sábados e domingos: entender que o ocio , para todos, se prorroga en tales datas a horas máis tardías.

En todo caso, a ampliación non confire un dereito adquirido .

4.-En canto ao alegado ao respecto da modificación do artigo 16.5 será obxecto dunha valoración conxunta ao existir máis escritos relativos ao contido da modificación .

➤ Alegacións presentadas por Dona María Visitación García Montero: e ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DO CASCO HISTÓRICO

1.-Manifestan a súa inquedanza porque a modificación non teña sido consensuada cos veciños do casco Histórico que pola súa configuración, resulta ser o espazo máis afectado pola mesma.

No mesmo senso , entende que o mes de agosto non é o máis adecuado para a publicación da aprobación inicial .

En contestación ao alegado debe sinalarse que a tramitación someteuse a información pública, que de feito o prazo rematou a finais do mes de setembro e que a alegante tivo a oportunidade de opoñerse aos contidos que considerou oportunos facendo uso do seu dereito de participación e defensa.

2.-Opoñense á nova redacción da Disposición Derrogatoria Única .

Enténdese contestada co sinalado ao respecto na contestación realizada á alegación de Dona María Abelleira (punto terceiro) á que nos remitimos .

3.-No que atinxe ao punto 5 do artigo 16, procederase a dar resposta conxunta.

4.-Informan da preocupación que lles causa a intensidade de ocupación que observan nalgunha Praza do Casco Histórico.

Con relación ao exposto, temos que contestar por unha banda, que xa no artigo 15.4 da Ordenanza vense a contemplar un criterio de solución para o suposto de que nunha praza a concentración na ocupación altere o seu destino natural; por outro que o criterio técnico é priorizar o tránsito peonil, reducindo a ocupación a termos que permitan o disfrute dos espazos de xeito equilibrado. Porén valorarase a proposta en futuras redaccións xa que o punto controvertido non é obxecto desta modificación.

5.-Tamén se opoñen á ampliación do horario prorrogado ás vésperas de festivos.

Remitímonos ao xa contestado sobre este extremo en anteriores alegacións co mesmo contido.

- Alegación presentada por ASOCIACIÓN HOSTELERÍA COMPOSTELA, ASOCIACIÓN DE BARES E PUBS DE COMPOSTELA e ASOCIACIÓN CULTURAL CIDADE VELLA

Alegación relativa á modificación operada sobre o apartado 5 do artigo 16 da Ordenanza.

En esencia o que plantexan os alegantes é que a nova redacción vai supoñer unha redución da ocupación e como consecuencia dos postos de traballo vinculados á hostalería, sen que exista un motivo que o xustifique posto que, alegan, a proposta carece de estudo sobre as súas consecuencias. Entenden que a situación de exceso de ocupación é moi puntual e limitada a puntos concretos da cidade .

Engaden asemade que a redacción, sen establecer os criterios que serán obxecto de valoración técnica para conceder ou non a ampliación da terraza, xera inseguridade xurídica e indefensión.

Manifestan que normas similares de cidades da contorna, como pode ser a recentemente actualizada do Concello de A Coruña, refire criterios *obxectivos* que afecten a decisión a adoptar.

Así por exemplo, fala de *características e morfoloxía de cada un dos espazos, impacto visual, fluxos de persoas e vehículos, permisibilidade para o acceso de servizos públicos ou ao uso principal ao que estea destinado.*

Alegan que , a redacción da Ordenanza que se somete a aprobación *omítese todo criterio que permita, non só unha liña de actuación lóxica e coherente nas autorizacións que se produzan , senónn, mesmo, a posibilidade de fiscalización polos propios órganos xudiciais.*

Contestación:

Como punto de partida debe deixarse claro que a ocupación das beirarrúas ou espazos de dominio ou uso público con terrazas para café é unha modalidade de uso privativo do dominio publico definido no artigo 75 do RRBEEEL como aquel constituído pola ocupación dunha porción do dominio público de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados.

Debe partirse como principio xeral e básico –que cabe considerar inherente á propia natureza dos bens de dominio e uso público- dunha utilización común e colectiva dos mesmos, xeneral.

Ese principio básico pode ser exceptuado, porén, pola Administración titular, mediante atribución de utilidades privativas. Como tal excepción debe ser interpretada restritivamente.

A situación derivada da configuración do uso demanial como de desfrute xeneral , fai que non teña que xustificarse a redución dos ámbitos suxeitos a utilización privativa; máis ben ao contrario, debe estar xustificada convenientemente a substracción de espazos ao uso xeral en beneficio dun uso privativo que resulta lucrativo para os que os disfrutan.

O uso común xeral resposta a un principio de compatibilidade de tódolos administrados no exercicio desta utilización xenérica. Tódolos administrados sen excepción nin distinción poden realizar este tipo de uso, que constitúe exercicio da liberdade persoal.

Pola contra o que caracteriza ao uso privativo (terrazas) é a exclusividade, un acto de *tolerancia administrativa* en termos do Tribunal Supremo.

Iso non quere dicir que a concesión de ese uso, aínda que discrecional, poida ser arbitraria.

Nese sentdo, resulta evidente e facilmente constatable, que os criterios que se achegan como fundamentadores das resolucións administrativas no ámbito que nos ocupa, baséanse nos criterios apuntados polos alegantes, a saber, *características e morfoloxía de cada un dos espazos, impacto visual, fluxos de persoas e vehículos, permisibilidade para o acceso de servizos públicos ou ao uso principal ao que estea destinado....*

Por outra banda, xa no artigo 15 establécense as condicións do espazo onde situar a terraza.

Porén, son ben recibidas todas aquelas suxestións que aporten seguridade xurídica e clarexen criterios de fundamentación das resolucións permitindo un coñecemento previo e xeral de tódolos interesados, razón pola que se estima parcialmente a alegación no senso de incluír expresamente e sen carácter de números clausus, criterios que se teñen en conta para a concesión ou denegación da autorización .

En canto á posibilidade de excepcionar o criterio xeral de que a terrada restrinxa a ocupación ao fronte de fachada do establecemento solicitante debemos sinalar o seguinte:

O artigo 16 define catro modelos de ocupación:

Modelo número 1:

Terrada acaroadada á fachada.

Modelo número 2:

Terrada na liña de bordo da beirarrúa.

Modelo 3:

Implantación simultánea dunha terraza xunto á fachada e outra na liña de bordo da beirarrúa.

Modelo 4:


Terraza situada nunha ubicación distinta aos modelos anteriores, separada do establecemento porén, en todo caso, a menos de 20 metros do local ao que serve.

A autorización excepcional para superar os límites da fachada do establecemento xunto co interese público, valorará os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificadas:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade.

Estímase así parcialmente a alegación presentada, quedando o artigo redactado como segue

Nova redacción do artigo 16.5



CONCELLO DE SANTIAGO

Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarse á da fachada do local do que é auxiliar.

Xustificadamente, poderá estar separada do local ata un máximo de vinte metros.

16.5.1 Cando a terraza se sitúe acaroada á fachada ou na liña de bordo da beirarrúa e sempre que non se soliciten ambas ocupacións simultaneamente, poderá autorizarse superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros.

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificados:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal

16.5.2A autorización para situar a terraza separada do establecemento menos de vinte metros, poderá concederse previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros .

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificados:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal.
- Recorrido entre o local e a actividade de terraza complementaria.

16.5.3 En ningún dos supostos de ocupación contemplados na Ordenanza, poderá ocuparse espazo fronte ou acaroado a portais de entrada de vivendas .

- Pola súa banda a Asociación cultural cidade Vella solicita a fixación de dous períodos – verán e inverno- que determinaran dous horarios de permanencia da terraza na vía pública.

O de verán incluíría os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Neste período propoñen que o horario de peche das terrazas fora ás 2:30 horas pola semana e ás 3:00 horas as noites de venres a sábado, sábado a domingo e vísperas de festivo.

O de inverno o resto dos meses cun horario minorado nunha hora.

Entendo improcedente acceder ao incremento solicitado por consideralo de difícil encaixe co descanso e sen que a petición teña fundamento sólido .

Procedemento:

A aprobación da modificación unha vez aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación e sometida a información pública, require a resolución de tódalas reclamacións e suxestións presentadas e proceder á súa aprobación definitiva polo Pleno da Corporación .

Para a aprobación da modificación, é necesario o informe previo da Asesoría Xurídica, segundo establece o artigo 89 do Regulamento orgánico municipal .

Visto o exposto, sen prexuízo doutro parecer mellor en dereito ao que someto o presente informe e a modificación proposta, procede , previo informe da Asesoría Xurídica municipal, e á proposta do Concelleiro de Espazos cidadáns, dereito á vivenda, mobilidade e relación veciñais, trasladar ao Pleno da Corporación Municipal a proposta seguinte:

ESTIMAR PARCIALMENTE as alegacións presentadas por Dona María Abelleira Méndez e Dona Naira María Cortizo Almeida, no que a esixencia dunha Memoria coas solicitudes de ocupación de espazos privados de uso público con terraza se refire.

ESTIMAR PARCIALMENTE a alegación presentada por ASOCIACIÓN DE HOSTELERÍA COMPOSTELA, no sentido de modificar o texto do artigo 16.5 incluíndo criterios de valoración da excepcionalidade que aporten seguridade e claridade na resolución.

REXEITAR o resto das alegacións presentadas á aprobación inicial da modificación da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela aprobada por acordo do Pleno da Corporación o día 26 de abril de 2012 e modificada por acordo do Pleno de 26 de setembro de 2013, polas razóns expostas nos antecedentes.

APROBAR DEFINITIVAMENTE a modificación da Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela que afecta á súa disposición derogatoria única, artigo 4, artigo 6, artigo 16, artigo 17.4 e artigo 27, que quedarán redactados nos seguintes termos:

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA da Ordenanza.-

“Quedan derogados os artigos 108, 109, 110, 111 e 112 da actual Ordenanza de circulación e uso da vía pública e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións dos locais, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará coa correspondente medición sonométrica cuxo custo se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licenza, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

O solicitante debe manifestar acordo expreso coa condición, na documentación presentada coa solicitude e aportar Memoria na que se xustifique :

- 1.O impacto da actividade no entorno, valorando a superficie do patio ou espazo privado onde se ubique, aportando plano a escala da ocupación;
- 2.O uso dos edificios colindantes , a súa distancia e solución construtiva.
- 3.Exposición razoada acerca do impacto da nova instalación sobor ruído existente, o nivel de emisión previsto e cómo afectaría ás vivendas do entorno.

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 4.-

“Art.4.8. Nunha mesma tempada ou ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificados que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1.- Horarios.

“1.- O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2: 00 horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

2.- Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.”

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5.-

Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarse á da fachada do local do que é auxiliar.

Xustificadamente, poderá estar separada do local ata un máximo de vinte metros.

16.5.1 Cando a terraza se sitúe acaroada á fachada ou na liña de bordo da beirarrúa e sempre que non se soliciten ambas ocupacións simultaneamente, poderá autorizarse superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros.

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificados:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal

16.5.2A autorización para situar a terraza separada do establecemento menos de vinte metros, poderá concederse previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros .

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificados:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal.
- Recorrido entre o local e a actividade de terraza complementaria.

16.5.3 En ningún dos supostos de ocupación contemplados na Ordenanza, poderá ocuparse espazo fronte ou acaroado a portais de entrada de vivendas .

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 17.4.

“As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso aos camareiros ás mesas.

Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0.50 metros.

A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

Dentro da superficie de ocupación autorizada, o total do número de mesas e cadeiras poderá dispoñerse como mellor conveña, podándose variar a súa disposición pero non o seu número, a superficie e os límites do ámbito autorizado.”

NOVA REDACCIÓN ARTIGO 27.-

“Art. 27.4 Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Se a duración do uso ou aproveitamento excedese de 4 anos, estará suxeito a concesión administrativa.

En todo caso, a autorización poderá ser revogada, por razóns de interese público e sen dereito a indemnización, antes da finalización do seu prazo de duración.”

Eliminar a disposición transitoria segunda da ordenanza en vigor que ten o seguinte contido: Disposición transitoria segunda.- As autorizacións para instalar

novas terrazas ou para modificar as existentes, nas condicións previstas nesta ordenanza, poderán solicitarse en calquera momento.

Incluír unha nova disposición transitoria segunda, co seguinte contido:

NOVA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-

“As autorizacións de ocupacións de vía pública para terrazas con pechamentos estables concedidas para prazo superior a catro anos en aplicación do disposto na anterior redacción do artigo 27.4, quedan suxeitas aos procesos de revisión do artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

Xa que logo, á vista do informe-proposta transcrito así como o ditame favorable, na comisión informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Vivenda, Medio Ambiente, Medio Rural e Servizos de data 25 de xaneiro de 2019, cos votos a favor do grupo CA (10 votos) e coas abstencións (14 votos): do grupo popular (9 votos), e BNG (2 votos) e PSOE (3 votos) o Pleno da Corporación adopta o seguinte ACORDO:

- ESTIMAR PARCIALMENTE as alegacións presentadas por dona María Abelleira Méndez e por dona Naira María Cortizo Almeida, no senso de esixir unha memoria xustificativa que acompañe ás solicitudes de ocupación de espazos privados de uso público, co contido que se incorpora á nova redacción da Disposición derogatoria única.
- ESTIMAR PARCIALMENTE a alegación presentada polos Asociación de Hostalería Compostela, no senso de modificar a redacción do artigo 16.5 incluíndo criterios de valoración da excepcionalidade que aporten seguridade e claridade na resolución.
- REXEITAR o resto das alegacións presentadas á aprobación inicial da Modificación da vixente Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela, que foi aprobada polo Pleno municipal o día 26 de abril de 2012 e modificada por acordo do Pleno de 26 de setembro de 2013, polas razóns expostas nos antecedentes.
- APROBAR DEFINITIVAMENTE a Modificación da *Ordenanza reguladora das terrazas e quioscos de hostalería do Concello de Santiago de Compostela*, que afecta á súa Disposición derogatoria única, Disposición transitoria Segunda, artigo 4, artigo 6, artigo 16, artigo 17 e artigo 27, coas modificacións, respecto da inicialmente aprobada, que anteriormente se explicitaron a resultas das alegacións presentadas, quedando os preceptos afectados coa seguinte redacción:

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Quedan derogados os artigos 108, 109, 110, 111 e 112 da actual *Ordenanza de circulación e uso da vía pública* e o parágrafo 6º do artigo 43 da vixente *ordenanza xeral municipal reguladora da emisión e recepción de ruídos, vibracións, e condicións dos locais*, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta ordenanza.

As actividades complementarias desenvolvidas polos establecementos incluídos nos grupos I, II e III no exterior tanto no chan público coma no privado, non estarán sometidas ás limitacións do illamento acústico ou aos límites máximos de ruído permitidos no exterior. Non obstante, en ningún caso se producirán ruídos que superen en espazos lindantes, horizontais ou verticais, os niveis fixados como niveis de recepción polo artigo 13 da ordenanza xeral municipal reguladora da emisión, recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

En todo caso, os espazos dedicados a estas actividades complementarias non poderán dispoñer de equipos de música así como outros elementos que sexan susceptibles de producir ruídos.

A autorización está condicionada á inexistencia de molestias, que se probará coa correspondente medición sonométrica cuxo custo se liquidará ao titular da actividade a cuxo servizo se instalou a terraza. A existencia de ruídos que superen os límites permitidos en espazos lindantes, horizontais ou verticais, cuxo foco sexa a actividade de terraza autorizada con licenza, determinará a revogación desta previa audiencia e a retirada da terraza a costa do interesado.

Coa solicitude de ocupación dos espazos privados de uso público, o solicitante debe manifestar acordo expreso coa anterior condición e achegar Memoria na que se xustifique:

1. O impacto da actividade no entorno, valorando a superficie do patio ou espazo privado onde se cubique, aportando plano a escala da ocupación;
2. O uso dos edificios colindantes, a súa distancia e solución constructiva.
3. Exposición razoada acerca do impacto da nova instalación sobor ruído existente, o nivel de emisión previsto e cómo afectaría ás vivendas do entorno.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 4.8

8. Nunha mesma tempada ou ano natural, só se permitirá a modificación dos termos da autorización concedida en supostos moi xustificadas que o solicitante deberá razoar, aportando os documentos e probas necesarias.

En ningún caso se tramitarán nunha mesma tempada máis dunha solicitude de modificación.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 6.1 (Horarios)

1.- O horario de funcionamento das terrazas situadas en solo de titularidade e uso público, así como das terrazas situadas en solos privados, será ata a 1:00 hora da madrugada nos meses de maio, xuño e setembro durante a semana e ata as 2: 00 horas da madrugada os sábados (noites de venres a sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo). Os meses de xullo e agosto o horario de peche será as 2:30 horas da madrugada tódolos días. O resto do ano, do 1 de outubro ao 30 de abril, o horario de peche será ás 23:30 horas entre semana e ás 00:30 horas en sábados (noites do venres ao sábado), véspera de festivo e domingos (noites do sábado ao domingo) podendo prorrogarse en época de festas.

Rematado o tempo de permanencia, a limpeza e retirada do mobiliario constitutivo da terraza levarase a cabo no prazo máximo de 30 minutos. En todo caso a operación de retirada do mobiliario debe facerse sen causar molestias aos veciños.

As autorizacións poderán ser anuais ou de tempada. Entendendo tempada as que van desde o 1 de marzo ata o 31 de outubro, ambos inclusive, e anual a que vai desde o 1 de xaneiro ao 31 de decembro. No suposto de non solicitarse a renuncia á autorización, esta entenderase prorrogada automaticamente en iguais termos.

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 16.5.-

5. Con carácter xeral a terraza deberá situarse acaroada á fachada do establecemento e a súa lonxitude limitarse á da fachada do local do que é auxiliar.

Xustificadamente, poderá estar separada do local ata un máximo de vinte metros.

16.5.1 Cando a terraza se sitúe acaroada á fachada ou na liña de bordo da beirarrúa e sempre que non se soliciten ambas ocupacións simultaneamente, poderá autorizarse superar os límites da fachada do establecemento, previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros.

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificadas:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal

16.5.2 A autorización para situar a terraza separada do establecemento menos de vinte metros, poderá concederse previa solicitude debidamente fundamentada á que debe achegarse autorización dos propietarios dos locais comerciais extremeiros .

Xunto co interese público, a Administración valorará para conceder ou non a autorización os seguintes aspectos entre outros tecnicamente xustificados:

- Características e morfoloxía de cada un dos espazos.
- Impacto visual.
- Fluxos de persoas e vehículos.
- Permisibilidade para o acceso de servizos públicos .
- Afectación para a funcionalidade dos servizos públicos.
- Afectación á accesibilidade universal.
- Recorrido entre o local e a actividade de terraza complementaria.

16.5.3 En ningún dos supostos de ocupación contemplados na Ordenanza, poderá ocuparse espazo fronte ou acaroado a portais de entrada de vivendas .

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 17.4.

4.

As mesas e cadeiras poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal establecerase un corredor intermedio que permitirá o acceso aos camareiros ás mesas.

Este corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e unha largura de 0.50 metros.

A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.


Dentro da superficie de ocupación autorizada, o total do número de mesas e cadeiras poderá dispoñerse como mellor conveña, podándose variar a súa disposición pero non o seu número, a superficie e os límites do ámbito autorizado

NOVA REDACCIÓN DO ARTIGO 27.4

4. Nas terrazas con pechamentos estables a autorización concedida terá unha vixencia máxima, incluídas as prórrogas, de catro anos. Se a duración do uso ou aproveitamento excedese de 4 anos, estará suxeito a concesión administrativa.

En todo caso, a autorización poderá ser revogada, por razóns de interese público e sen dereito a indemnización, antes da finalización do seu prazo de duración.

NOVA REDACCIÓN DA DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA



CONCELLO DE SANTIAGO

Segunda. As autorizacións de ocupacións de vía pública para terrazas con pechamentos estables concedidas para prazo superior a catro anos en aplicación do disposto na anterior redacción do artigo 27.4, quedan suxeitas aos procesos de revisión do artigo 106 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-Presidente douna por finalizada sendo as 18:13 horas do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente,

O secretario xeral do pleno,

Asdo: Martiño Noriega Sánchez

Asdo: José Ramón Alonso Fernández